

# REGULAMENTO PARA A CONCESIÓN DE HONORES E DISTINCIÓNS OUTORGADOS POLO EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*O vixente Regulamento para a Concesión de Honores e Distincións do Concello da Coruña publicouse no Boletín Oficial da Provincia do 5 de outubro de 1989 e dende esa data disciplinou a materia con manifesta eficacia, garantindo unha canle administrativa que permitiu que os actos ditados ao seu amparo estivesen debidamente motivados, fosen públicos e transparentes e que, en definitiva, a concesión de honores acumúlase un grao de consenso político e cidadán moi notable, co conseguinte prestixio social das distincións concedidas que son recibidas polos seus ilustres nomeados e polo conxunto da sociedade como verdadeiros recoñecementos xeradores de alto honor para os seus destinatarios e para o propio Concello que o concede.*

*Transcorridos dezaseis anos dende a súa entrada en vigor e coa experiencia que outorgan os seus resultados, fórmulase a conveniencia de retocar o seu articulado coa finalidade de adaptalo ás necesidades actuais en varios aspectos:*

### I

*A principal novidade é a introdución da regulación do Cronista Oficial da Cidade. Este cargo predominantemente honorífico, pero que desenvolve unha función real, foi desempeñado no pasado por ilustres coruñeses e está vacante na actualidade. Aínda que, como se dixo, ten a importante misión de redactar a “Crónica da Coruña”, o que o diferencia do resto dos honores regulados neste regulamento, prevalecen na súa configuración os aspectos que supoñen o recoñecemento dos méritos e valores da personalidade designada e a súa colocación nunha situación que lle permita vivir de primeira man os acontecementos cidadáns en beneficio da súa “Crónica”. Ata agora, o nomeamento víñase facendo sen apoio nunha normativa determinada, pero a súa nova etapa debe comezar cunha nova canle reguladora da súa designación e das súas funcións.*

### II

*Apreciando a experiencia, redúcense e refórzanse as medallas da cidade, establecendo só dúas categorías: a superior será a “Medalla de Ouro da Cidade”, reservada para as persoas e as institucións ás que se lles recoñeza un mérito especialísimo no servizo ou dedicación á Coruña. A súa concesión será moi puntual e constituirá o máximo honor que o Concello poida outorgar. A “Medalla ao Mérito” conservará as súas dúas categorías de ouro e prata e, nos dous casos, terá o carácter de alta distinción expresiva do recoñecemento aos valores cívicos e á dedicación no servizo á cidade nos diversos ámbitos artísticos, culturais, sociais, laborais, etc. Mantéñense os títulos de Fillo/a Predilecto/a e Fillo/a Adoptivo/a, destinados a recoñecer os méritos daquelas persoas que se distinguisen polas súas calidades persoais ou méritos e que mantivesen ou establecesen unha relación singular coa Coruña que redundase no seu favor, e que tamén se beneficia polo prestixio e pola consideración xeral das personalidades ás que se recoñece. Tamén permanece a figura de Alcalde ou Concelleiro Honorario.*

*Con outros niveis de formalidade, recóllense no regulamento actos tales como o nomeamento de rúas, en canto que, nalgunhas ocasións, constitúen actos de recoñecemento honorífico dos valores ou servizos dunha determinada persoa, colectivo ou grupo e a colocación doutras placas conmemorativas ou monumentos públicos, nos mesmos casos.*

### III

*O procedemento de concesión dos diversos tipos de honores modernízase regulando aspectos tales como a iniciativa para a iniciación do expediente e para a súa aprobación. Neste aspecto e tendo en conta a peculiaridade desta materia e a necesidade de expresar o máximo consenso posible, resérvase ao máximo órgano representativo, actuando en sesión plenaria ou a través de comisión delegada, a competencia para a concesión dos honores e das distincións e ao Alcalde a iniciativa para presentar as correspondentes propostas, xa sexa polo seu propio impulso ou a petición do Consello Social Coruñés, dun grupo numeroso de membros da corporación ou de entidades veciñais ou veciños. O expediente, aínda que sumario, debe estar suficientemente motivado para que consten nos arquivos municipais de forma clara as razóns que moven a unha corporación á súa concesión, o que tamén redundará na valoración que acaden tales distincións.*

## CAPÍTULO I

### *Das títulos, honores e condecoracións oficiais do Concello da Coruña.*

**Artigo 1º.-** Ámbito de aplicación.

1. Este regulamento, ditado ao amparo do establecido no artigo 4 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ten por obxecto determinar as distincións honoríficas que concede o Concello da Coruña, así como o procedemento para a súa concesión.

2. As mencións, felicitacións, homenaxes e demais actos de recoñecemento a favor de persoas ou de institucións expresados por autoridades ou órganos municipais e non regulados neste regulamento, someteranse ás normas específicas ou xerais do procedemento, pero non terán o carácter de distinción honorífica do Concello, que só será aplicable ás reguladas nos artigos seguintes.

**Artigo 2º.-** Todas as distincións a que fai referencia este regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que, polo tanto, outorguen ningún dereito administrativo ou de carácter económico, sen prexuízo do establecido con respecto á figura de Cronista Oficial da Cidade.

## CAPÍTULO II

### *Das formalidades para a concesión de distincións honoríficas*

**Artigo 3º.-** Para a concesión dos honores ou das distincións regulados neste regulamento, tramitarase un expediente administrativo no que se deixará constancia dos méritos ou das circunstancias que aconsellen ou xustifiquen o seu outorgamento. Ao expediente incorporarase unha carta ou unha dilixencia na que conste a aceptación do nomeado ou dos seus sucesores.

**Artigo 4º.-** Correspóndelle á Alcaldía a presentación das propostas de outorgamento dos diversos honores e distincións, xa sexa por propia iniciativa ou logo da petición previa de:

- a) Un terzo dos membros da corporación.
- b) O Consello Social Coruñés.
- c) Os Consellos de Distrito.
- d) Unha ou varias asociacións ou entidades cidadás representativas e con arraigo.

A Alcaldía notificará a recepción da solicitude e decidirá sobre o seu arquivo ou a súa tramitación. A partir da notificación da solicitude, e tendo en conta o principio de reserva do expediente que se establece no artigo 6º, non se lles realizará outra notificación aos petitionarios, salvo as que se refiran á ampliación da memoria e dos datos a que se refire o parágrafo seguinte. Notificaráselles, unicamente, o acordo definitivo de concesión cando sexa favorable, pero non terán a consideración de parte no expediente a ningún outro efecto.

Os petitionarios presentarán xunto coa súa solicitude unha memoria xustificativa dos méritos e das circunstancias que aconsellen o outorgamento da distinción.

**Artigo 5º.-** A Alcaldía e a Comisión Especial de Honores e Distincións practicarán cantas dilixencias adicionais estimen necesarias para documentar a proposta. Todos os servizos municipais e órganos dependentes estarán obrigados a prestar o auxilio que se lles solicite.

**Artigo 6º.-** O expediente tramitarase de forma reservada e non se dará información nin se expedirán certificacións ata que se adopte acordo en sentido positivo. No caso de que non chegase a aprobarse a proposta, evitarase calquera forma de publicidade nos mesmos termos establecidos para os acordos que afecten á intimidade das persoas físicas.

**Artigo 7º.-** O acordo de concesión notificaráselle ao nomeado e aos petitionarios. A aceptación farase constar expresamente no expediente por carta ou dilixencia, pero será válida calquera que sexa a forma, incluso tácita, en que se exprese.

Corresponderalle á Alcaldía executar o acordo e determinar as características da cerimonia que corresponda, segundo o tipo de distinción que se concedese. En principio e salvo circunstancias especialísimas que serán apreciadas pola Alcaldía e das que se lle dará conta á Comisión de Honores e Distincións, ao acto daráselle a debida publicidade. Para a entrega de medallas e títulos, o acto solemne realizarase no Salón de Sesións.

**Artigo 8º.-** Para a revogación das distincións outorgadas instruírase un expediente motivado no que se lles dará audiencia ao interesado ou aos seus sucesores. O trámite será análogo ao establecido para a concesión e a falta en que se funde deberá ser grave e afectar ás causas que motivaron o seu outorgamento.

### **CAPÍTULO III**

#### ***Da Medalla de Ouro da Cidade***

**Artigo 9º.-** A Medalla de Ouro da Cidade constitúe o grao máximo das consideracións que pode outorgar a corporación. Respondendo a esta singularidade terá que reservarse a súa

concesión a casos excepcionais, de méritos extraordinarios que concorran en personalidades, entidades ou corporacións nacionais ou estranxeiras, que polos seus destacados méritos e polos relevantes servizos prestados á cidade, poidan ser consideradas polo Concello da Coruña dignas por todos os conceptos desta distinción.

**Artigo 10º.-** Para a súa concesión, terán que terse en conta os méritos e os servizos, a transcendencia do labor realizado en beneficio da cidade e as particulares circunstancias da persoa proposta.

**Artigo 11º.-** Tramitado o expediente e redactada a proposta definitiva, se esta fose favorable, elevarase ao Concello en pleno e a corporación deberá pronunciarse na devandita sesión, sendo necesaria para a súa aprobación o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

**Artigo 12º.-** No solemne acto de outorgamento, en presenza da corporación convocada para o efecto, entregaranse o diploma e a medalla de solapa conforme ao modelo que figura no anexo 1.

## CAPÍTULO IV

### *Da Medalla ao Mérito*

**Artigo 13º.-** Da “Medalla ao Mérito” fíxanse dúas categorías: ouro e prata.

**Artigo 14º.-** O deseño das medallas consiste nun relevo da figura de Hércules aguantando nas súas mans o escudo da cidade conforme ao anexo 2.

**Artigo 15º.-** Para a súa concesión teranse en conta a traxectoria ou os actos singulares de especial transcendencia que desenvolvesen as persoas ou entidades propostas para a súa concesión nos ámbitos da cultura, a arte, o deporte, o medio ambiente, a acción social ou calquera outra análoga que redunde en beneficio da sociedade coruñesa, así como os servizos prestados ao Concello.

**Artigo 16º.-** Para a súa concesión será necesario o voto favorable da maioría simple dos membros presentes na sesión plenaria ou da Comisión Delegada do Pleno en que se acorde. A entrega será efectuada polo Alcalde ou membro da corporación en quen delegue.

## CAPÍTULO V

### *Dos Títulos de Fillo/a Predilecto/a e de Fillo/a Adoptivo/a da Coruña*

**Artigo 17º.-** O título de Fillo/a Predilecto/a da Coruña só poderá recaer en quen naceuse na Coruña e que polas súas destacadas calidades persoais ou méritos sinalados e singularmente

polos seus servizos en beneficio, mellora ou honor da Coruña, acadasen o prestixio e a consideración xeral.

O nomeamento de Fillo/a Adoptivo/a poderá conferirse a favor de persoas que, sen ter nacido na Coruña, reúnan os méritos e as circunstancias enumeradas anteriormente. Tanto o título de Fillo/a Predilecto/a como o de Fillo/a Adoptivo/a poderán ser concedidos como póstuma homenaxe ao falecemento de personalidades nas que concorresen os merecementos citados.

**Artigo 18º.-** A concesión do título de Fillo/a Predilecto/a e de Fillo/a Adoptivo/a da Coruña terá que ser acordada, logo do expediente acreditativo previo dos seus merecementos, a proposta da Alcaldía-Presidencia, polo Concello Pleno co voto favorable da maioría absoluta dos membros da corporación.

**Artigo 19º.-** Aprobada a concesión, o título entregarase en presenza da corporación municipal, convocada para o efecto para a realización do acto solemne.

**Artigo 20º.-** O título de Fillo/a Predilecto/a ou Adoptivo/a da Coruña daralle dereito a quen o ostente a ocupar o lugar preferente que sinale o protocolo nos actos organizados polo Concello aos que sexan invitados.

## CAPÍTULO VI

### *Do nomeamento de membros honorarios do Concello da Coruña*

**Artigo 21º.-** O nomeamento de Alcalde ou Concelleiro Honorario do Concello da Coruña poderá ser outorgado por este a personalidades, nacionais ou estranxeiras como mostra da alta consideración que lle merecen distincións recibidas ou en correspondencia a outras análogas, de que fosen obxecto a corporación ou as autoridades municipais da cidade.

**Artigo 22º.-** A concesión deste título honorífico terá que ser acordada polo Concello Pleno por maioría absoluta dos membros da corporación.

**Artigo 23º.-** Os nomeamentos de Alcalde ou Concelleiro honorario poderanse facer con carácter vitalicio ou por prazo limitado ou circunscrito tan só ao período que corresponda ao cargo que ocupe o designado, cando a designación fose acordada expresamente en atención ao dito cargo.

**Artigo 24º.-** Os designados carecerán de facultades para intervir no Goberno Municipal da Coruña, pero o Alcalde poderá encomendarlles funcións representativas que se teñan que exercer fóra do termo municipal.

## CAPÍTULO VII

### *Da denominación de vías e lugares, colocación de placas, monumentos e elementos análogos.*

**Artigo 25º.-** Para determinar o nome das vías públicas e lugares do termo municipal instruírase o correspondente expediente, que se poderá referir a unha ou varias vías ou lugares e no que se explicarán sucintamente os motivos que xustifican a elección do nome. No caso de denominacións que constitúan unha forma de homenaxe a persoas determinadas, institucións, símbolos ou feitos singularizados engadirase unha memoria acreditativa dos méritos que as fan merecedoras da distinción.

No expediente non será necesario determinar a localización da vía ou lugar, aínda que se pode sinalar a zona á que se pretenda asignar ou incorporar plano no que figure exactamente a situación, límites e mazás ou zonas a que se apliquen. Igualmente, poderá demorarse ata o momento da asignación concreta, a sinalización do tipo de vía que lle corresponda.

**Artigo 26º.-** O nomeamento de rúas e a colocación dos correspondentes rótulos poderán ser acordados polo Pleno, logo do ditame previo da Comisión de Honores e Distincións, ou por esta, actuando como Comisión Delegada.

**Artigo 27º.-** A colocación de placas conmemorativas, monumentos e elementos análogos presenta os seguintes casos:

- a) Colocación en terreos privados a iniciativa dos particulares. Deberán contar coas licenzas esixidas pola normativa urbanística e de protección do patrimonio e o seu obxecto e contido deberán ser lícitos, e estará prohibida expresamente a exaltación indevida ou a denigración de persoas, os símbolos e textos antidemocráticos, racistas, sexistas, sectarios ou calquera outro que poida resultar ofensivo para principios ou valores protexidos polo ordenamento constitucional.
- b) Colocación en lugares e/ou edificios públicos a iniciativa de terceiros. Ademais dos requisitos establecidos no apartado anterior, deberá tramitarse de igual forma que aqueloutros cuxa iniciativa lle corresponde ao propio Concello, sendo a cargo dos promotores a totalidade dos custos que se xeren, sen prexuízo das axudas ou da colaboración municipal que discrecionalmente se acorde. O acto de descubrimento seralle comunicado á Alcaldía que determinará a participación institucional nel e o protocolo do acto no que deberá darse participación aos seus promotores.
- c) Colocación por iniciativa municipal.
  - a. Cando o elemento estea previsto ou sexa a consecuencia necesaria dun proxecto aprobado por un órgano municipal, non se esixirá ningunha resolución.
  - b. Cando se acorde de maneira singular colocar unha placa conmemorativa ou erixir un monumento con carácter de homenaxe ou distinción a unha determinada persoa ou entidade ou en conmemoración de feitos ou lugares, a resolución corresponderalle á Alcaldía, que deberá dar conta á Comisión de Honores e Distincións na primeira sesión que realice.

**Artigo 28º.-** O descubrimento de rótulos de rúa, placas conmemorativas, monumentos e outros elementos análogos, en canto constitúan unha homenaxe individualizable en relación con persoas ou entidades determinadas ou lles afecte, realizarase en acto público ao que serán invitados especialmente as devanditas persoas o entidades, sempre que manifesten de forma expresa ou tácita a súa conformidade co acordo municipal.

Nos demais supostos, a Alcaldía determinará a forma en que se procederá á súa inauguración e poderáselles incluso encomendar a realización do acto a asociacións veciñais ou entidades que teñan unha vinculación especial ou un interese directo.

## CAPÍTULO VIII

### *Do Cronista Oficial da cidade*

#### *Sección Primeira. Condicións*

**Artigo 29º.-** Requisitos. O nomeamento de Cronista Oficial da Cidade da Coruña recaerá sobre persoas físicas que se distinguisen no seu labor de estudo, investigación e difusión dos temas relacionados co municipio.

**Artigo 30º.-** 1. Número. A condición de Cronistas Oficiais da Cidade da Coruña non poderá recaer en máis de dúas persoas simultaneamente.

2. Sen prexuízo diso, a corporación poderá, por acordo plenario, incrementar o número de cronistas nos termos que estime oportunos.

#### *Sección Segunda. Procedemento*

**Artigo 31.-** Iniciación.

1. O procedemento para o nomeamento de Cronista Oficial da Cidade da Coruña iniciárase por decisión da Alcaldía.
2. Xunto coa proposta de iniciación do expediente deberá achegarse tamén unha memoria na que se especifiquen os méritos que concorren no candidato proposto, xunto con recensións biográfica e bibliográfica.

**Artigo 32º.-** Instrución.

1. A instrución do expediente dirixirase a acreditar e a valorar os méritos do candidato en canto á súa obra ou actividade relativa á cidade.
2. O expediente será informado pola Área de Cultura.
3. Dentro da tramitación do expediente poderán solicitarse facultativamente informes de entidades de recoñecido prestixio na materia, tales como o Consello Social Coruñés, Instituto José Cornide, a Real Academia Galega, a Universidade da Coruña ou outras. Estes informes non terán carácter vinculante.
4. Antes de formularse a proposta de nomeamento darase audiencia do expediente ao candidato ou candidatos.

**Artigo. 33º.-** Resolución.

O nomeamento de Cronista Oficial da Cidade da Coruña será acordado polo Excmo. Concello Pleno, a proposta da Alcaldía e logo do ditame previo da Comisión de Honores e Distincións.

#### *Sección Terceira: Contido do título de Cronista Oficial.*

**Artigo 34º.-** Carácter honorífico.

O título de Cronista Oficial da Coruña é puramente honorífico e non leva aparelado o dereito a percibir retribución económica, sen prexuízo do establecido no artigo 37º. Non obstante, se o Cronista fose un funcionario municipal, ás súas retribucións aplicaráselles os complementos retributivos necesarios para compensar o rendemento extraordinario e a dispoñibilidade que se lle esixe.

**Artigo 35º.- Duración.**

1. O título de Cronista Oficial da Coruña ten carácter vitalicio.
2. Non obstante, poderá cesar por decisión propia ou, no caso de incumprimento das súas obrigas, ser destituído por acordo do Excmo. Concello Pleno.
3. No primeiro suposto, recibirá o título de Cronista Honorario da Coruña.

**Artigo 36º.- Obrigas.**

O Cronista Oficial comprométese a realizar as seguintes tarefas:

1. Emitir a súa opinión e evacuar consultas sobre aqueles temas relacionados coa historia do municipio ou aqueloutros temas que se relacionen coa súa función. A petición da opinión ou consulta efectuaraa a Alcaldía.
2. Redactar unha memoria anual que se denominará "Crónica da Coruña", na que se recollan os principais acontecementos sociais, culturais ou políticos relacionados coa cidade.

**Artigo 37º.- Dereitos.**

O título de Cronista Oficial outorga os seguintes dereitos:

1. A recibir do Concello unha medalla conmemorativa do nomeamento e distintiva do título, segundo o deseño que se especifica no anexo 3.
2. A ser indemnizado polos gastos xerados no exercicio do seu cargo e, especialmente, os que sexan consecuencia dos encargos para realizar algún estudo ou investigación de carácter excepcional pola súa complexidade ou polo investimento de traballo que requira, ou que esixa a realización de viaxes ou a adquisición de medios materiais específicos.
3. A lle solicitar ao Concello a designación dun axudante que o apoie na realización das súas funcións, ademais da posta a disposición dos medios materiais e persoais necesarios para o desenvolvemento do seu labor, dentro dos principios de economía e eficiencia.
4. A asistir aos actos públicos que teñan interese para as súas funcións e que sexan organizados polo Concello e ás sesións do Pleno sen prexuízo, en todo caso, do carácter secreto do debate e votación dos asuntos que poidan afectar á intimidade das persoas, do Consello Social Coruñés, do que é membro nato, segundo o seu Regulamento Orgánico e dos demais órganos e comisións ás que sexa convocado ou que realicen sesións públicas.
5. A recibir gratuitamente un exemplar de todas as publicacións editadas polo Concello a partir do seu nomeamento.
6. A acceder aos fondos do arquivo e das bibliotecas e hemeroteca municipais para a súa consulta e estudo. En todo caso, o acceso aos datos que obran en expedientes e rexistros administrativos efectuarase nos termos que dispoña a lexislación vixente na materia.
7. Á publicación por parte do Concello da "Crónica da Coruña", sempre que a corporación o considere oportuno.



## CAPÍTULO IX

### *Do Libro-rexistro de distincións honoríficas*

**Artigo 38º.-** A secretaría do Pleno levará un rexistro no que se consignen as circunstancias persoais de quen reciba as medallas e os nomeamentos aos que se refire este regulamento, a relación detallada e completa dos méritos que deron motivo á súa concesión e a razón desta. O devandito rexistro poderá ser xestionado e mantido por medios electrónicos.

## CAPÍTULO X

### *Os Irmandamentos de Cidades*

**Artigo 39º.-** O nivel máis elevado que pode alcanzar a cooperación con outras cidades ou colectividade análogas será o irmandamento, que implicará a xeración dunha relación permanente con elas. Estará baseado na existencia de valores compartidos, vínculos históricos, relacións culturais ou económicas e similares.

**Artigo 40º.-** 1. Os irmandamentos poderán celebrarse con cidades españolas, europeas ou de calquera outro Estado recoñecido por España.

2. Non se concertarán con cidades que pertencen a Estados cuxos réximes políticos non respecten os principios democráticos e os dereitos humanos ou nos que se practique calquera tipo de discriminación incompatible cos valores establecidos na Constitución Española, salvo que no expediente se xustifique que o seu obxecto específico ou preferente é, precisamente, superar esa situación e apoiar a recuperación das liberdades.

3. Non será de aplicación o establecido neste capítulo:

- a) Aos convenios, acordos ou pactos establecidos para o desenvolvemento de proxectos determinados, temporais ou respecto dos cales non exista a intención de xerar os vínculos característicos da institución do irmandamento.
- b) Aos actos simbólicos que, aínda coa denominación de irmandamento, non teñan lugar entre cidades.

**Artigo 41º.-** Os obxectivos perseguidos polos irmandamentos poderán ser:

1.- Favorecer a creación de sentimentos de proximidade entre a cidadanía, promovendo o mantemento de relacións pacíficas entre os pobos, a resolución dos conflitos pola vía do diálogo, a cooperación e o dereito, a tolerancia entre as diversas culturas e civilizacións, e, en xeral, os valores establecidos na Carta das Nacións Unidas.

2.- Fomentar a aproximación da poboación, o incremento do turismo, os intercambios educativos, tecnolóxicos e culturais, e a solidariedade coas situacións de crises ou necesidade.

3.- Estimular a realización de proxectos que supoñan o intercambio de coñecementos, tecnoloxías, arte e cultura.

4.- Crear redes de cooperación coas cidades hermanadas, os seus socios e os da Coruña, para o desenvolvemento de boas prácticas, intercambio de experiencias e análises e proposta de solucións en temas concretos de interese común.

- 5.- Establecer relacións económicas entre as empresas e os emprendedores de cada localidade, para favorecer o comercio e o intercambio xerando desenvolvemento e emprego.
- 6.- No espazo europeo buscarase sempre a creación e o fortalecemento do sentimento da identidade compartida dos pobos de Europa e a conciencia da cidadanía activa e común.
- 7.- Cos países americanos e todos aqueles nos que existe unha significativa colectividade coruñesa, galega e española, procurarase a participación da mesma no proxecto de irmandamento e prestarase especial atención a reafirmar os lazos que manteñen co seu país de orixe.
- 8.- En xeral, cualquera outro obxectivo de interese común que contribúa ó establecemento de lazos de amizade e colaboración para fins pacíficos e de superación das trabas e retencias que obstaculizan o respecto e a tolerancia das diferencias entre os pobos, as culturas ou as civilizacións.

**Artigo 42.-** 1.- O irmandamento tramitarase conforme ó establecido neste artigo e nos seguintes. Respectando a competencia do Alcalde para ordenar a iniciación do expediente e a do Pleno para aprobar o irmandamento e o texto do documento en que se formalice, así como os principios esenciais que o rexen, o procedemento poderá adaptarse ó establecido nas leis ou costumes da outra parte, así como ás esixencias da normativa comunitaria ou das entidades baixo cuxo apoio técnico, formal ou financeiro, se celebre.

2.- Iniciarase o procedemento na forma establecida no artigo 4º, aínda que a proposta poderá proceder da cidade que pretende hermanarse coa Coruña.

3.- Corresponderá ao Área de Alcaldía a instrución do expediente. Para ese efecto, redactarase un informe acerca dos vínculos existentes, os obxectivos do irmandamento e as posibilidades de financiación dos gastos ou os proxectos de acción con cargo a axudas ou subvencións da Unión Europea ou nacionais. Nesta fase quedará tamén reflectida a conformidade do órgano de goberno da cidade coa que se pretende celebrar o irmandamento.

4.- Salvo que se trate doutra cidade española, a intención de celebrar o irmandamento comunicarase ó Ministerio de Administracións Públicas, para que, previo informe do Ministerio de Asuntos Exteriores exerza a competencia que, en materia de relacións internacionais, corresponde ó Estado. No seu caso, consultarase expresamente achega do cumprimento do establecido no artigo 40.2.

**Artigo 43.-** 1.- Cumpridos os requisitos anteriores, a Alcaldía designará unha Comisión presidida polo propio Alcalde ou Concelleiro en que delegue e integrada por un máximo de cinco membros. Actuará como secretario un funcionario municipal designado ó efecto. Procurarase a participación cidadá, dando entrada na Comisión a membros do tecido social da cidade. A Comisión desempeñará as súas funcións dentro dos principios de eficacia e redución de custos.

2.- Corresponde á Comisión establecer o contacto coa outra parte e redactar, de común acordo, un proxecto de protocolo de irmandamento.

**Artigo 44.-** O protocolo de irmandamento conterá, ademais das mencións xerais de lugar, data, intervinientes e carácter co que actúan, as finalidades que pretende alcanzar e os obxectivos do mesmo, a súa congruencia coas competencias municipais, os proxectos e accións que se pretende realizar, o órgano permanente de relación, se o houber e as causas de extinción. Poderá preverse que as accións e proxectos de colaboración formalídense mediante adendas ou convenios separados.

**Artigo 45.-** Acordado o texto, presentárase ao Alcalde que, previo ditame da Comisión de Honras e Distincións e acompañado, no seu caso dos informes preceptivos, someterao ao Pleno para a súa aprobación.

**Artigo 46.-** A formalización, salvo que se acorde outra cousa, realizarase mediante visitas recíprocas de sendas comisións representativas das cidades hermanadas. A firma do Protocolo de Irmandamento na Coruña, realizarase no Salón de Sesións, en presenza da Corporación Municipal convocada ó efecto para acto solemne. Xunto co texto asinado entregarase á cidade hermanada un obsequio representativo e porase o seu nome a unha rúa da cidade. En xeral, para estas e outras atencións protocolarias seguirase o principio de reciprocidad.

**Artículo 47.-** As distintas Áreas, nas materias propias que lles están encomendadas, executarán as previsións e proxectos do acordo de irmandamento.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

*1. Cantas personalidades ou entidades corporativas áchense actualmente en posesión dalgunha das distincións que son materia deste Regulamento, continuarán no goce das mesmas con todos os dereitos, honras e prerrogativas recoñecidas polos Regulamentos respectivos ou por anteriores acordos municipais ditados en relación con devanditas distincións.*

2. O disposto no número anterior e no artigo 8 deste Regulamento non se aplicará ós supostos derivados da aplicación da Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establécen medidas a favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, nos que se seguiu o procedemento especial establecido no Acordo Plenario de 6 de outubro de 2008.

A Coruña, 29 de xuño de 2009.